

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA  
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM.2 DE LUGO, NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000201/2018, RECURSO INTERPOSTO POR GAS NATURAL SUR SDG, S.A .**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 2-2024, por un importe total de 72.547,65 €, dentro do vixente orzamento municipal prorrogado para o exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm.2 de Lugo, no procedemento ordinario 0000201/2018, recurso interposto por GAS NATURAL SUR SDG, S.A , pola que se condena ao Excmo Concello de Lugo ao aboamento de dita cantidade en concepto de liquidación de xuros, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral prorrogado, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/55, de data 28.01.2024, así como o RCMOD núm: 2024/4252, por importe de 72.547,65 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 72.547,65 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16510.22100	72.547,65 €	16510.35200	72.547,65 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>72.547,65 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>72.547,65 €</b>

## Intervención

MVF/lrb

Refª: ispac5549484888656638149.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 2-2024 Xuros Gas Natural

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.